

Xosé Otero Espasandín: un educador galego exiliado en América

Antón Costa Rico
Universidade de Santiago
anton.costa@usc.es

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 82-84

Como consecuencia do golpe de estado á democracia en 1936 e da guerra incivil, a educación cambiou radicalmente a moito peor entre nós. Ademais, 100 ensinantes mortos polo terror e case outros tantos que puideron ir ao exilio, onde moitos exerceron como tales, como se pon de relevo nun texto recente de Gregorio F. Fente^[1]. Un destes foi Otero Espasandín.

ITINERARIO DO EDUCADOR

O profesor e escritor Xosé Otero Espasandín (Santa Baia de Castro, Cerdedo-Cotobade, 1900^[2] Bethesda, Washington, 1987) viviu na súa parroquia natal ata que en 1914 comezou os estudos na Escola de Maxisterio de Santiago. Entre 1921 e 1923 foi mobilizado na chamada Guerra de Marrocos. De regreso a Galicia en 1923, establece fortes lazos intelectuais, sobre todo con Rafael Dieste e tamén con Amado Villar, que durante varios anos dirixirá as páxinas litera-

rias de *Faro de Vigo*, e comeza a traballar como mestre na escola do Pósito de Pescadores de Ribeira –ao que se incorporará tamén, aínda que brevemente, Rafael Dieste como docente no ano 1926– e a colaborar en varias publicacións: *Galicia*, *Faro de Vigo*, *Nós* ou *El Pueblo Gallego*, facéndoo en galego neste xornal a partir do ano 1926.

En 1929 vai ampliar os seus estudos á Escola Superior de Maxisterio de Madrid, onde se especializa en didáctica das ciencias, entrando en relación coa ILE e, a partir destes vencellos, traballará como profesor de Matemáticas na Escuela Plurilingüe Internacional (alí coñeceu a súa muller, Alicia Ortiz Alonso) e no Museo de Ciencias. Na capital desenvolve unha vizosa vida intelectual e mergúllase con Rafael Dieste na anovadora proposta das Misións Pedagóxicas, que os levará por diversos puntos da xeografía española.

Nestes anos, Otero Espasandín participou nos parladoiros que tiñan lugar nos madrileños Café de las Flores e La Granja El Hénar, arredor de Eduardo Dieste –na altura, cónsul de Uruguai en España– e a Ramón María

del Valle-Inclán. Foi aquí onde naceu a revista *P.A.N. Revista epistolar y de ensayos* (1935) –Poetas, Andantes y Navegantes– baixo a súa dirección. Nos sete números editados colaboran, entre outros, Jesús Bal y Gay, Antonio Baltar, Roberto Blanco Torres, Eduardo e Rafael Dieste, Eugenio Fernández Granel, Cándido Fernández Mazas, Enrique Fernández Sendón, Ramón Gaya, Lorenzo Varela e Antonio Sánchez Barbudo.

O golpe militar de 1936 e a Guerra truncaron a vida de Otero Espasandín, que é mobilizado no bando republicano, desenvolvendo a súa actividade en Barcelona ata que en febreiro de 1939 consegue chegar a Francia acompañado de Rafael Dieste, Sánchez Barbudo e Ramón Gaya, compañeiros das Misións Pedagóxicas e da revista *PAN*, sendo internado no campo de concentración de Saint Cyprien, de onde foi liberado mediante as xestións dos cuáqueros ingleses. Marchou a Inglaterra, instalándose en Norwich, a onde a súa dona xa se trasladara coa súa filla e exercía de profesora de español. En abril de 1941 marchan a Buenos Aires cabo

[1] Ferreiro Fente, G. (2019). "Toda a terra é dos homes: Profesores gallegos, exilio político y acción docente". *Historia y Memoria de la Educación*, nº 9, pp. 139-171 (consultable en liña)


de Rafael Dieste, que exercía como editor literario da Editorial Atlántida para traballar tamén nela, o que lle permitiu obter o permiso de emigración e trasladarse a Arxentina.

A chegada de Otero coincidiu coa posta en marcha en Atlántida da "Colección Oro", que Dieste proxectara. Destinada a "niños de 7 a 80 anos", tentaba divulgar a cultura en obras ben escritas e deseñadas e cun tratamento literario que as achegase a todo o lectorado. Otero sería durante dous anos o único autor da colección, na que chegou a publicar catorce libros, a maioría de divulgación en bioloxía, astronomía, química, xeografía e mitoloxía. Este traballo, que era moi esixente, porén, permítille desenvolver vellas ilusións editoriais e literarias. En cinco anos publicou 26 libros, a maioría de divulgación e coa editorial Atlántida, formando parte da Colección Billiken, así como diversas traducións do francés e do inglés. Na citada colección tamén deixaron a súa pegada, entre outros, Castelao, Eugenio Granell e Federico Ribas. Ademais, publicou máis dun cento de artigos, sobre todo nas revistas da emigración, entre os que habería que destacar os 24 sobre paxaros que escribiu para *Correo Literario*.

En 1947 foi contratado por un instituto de ensino secundario de Waynesburg (Pensilvania) para dirixir o departamento de español, no que pasaría seis anos. De alí, como consecuencia dunha enfermidade que contraeu a súa muller, trasladouse a Washington, onde traballou como editor do boletín da Organización Panamericana da Saúde e, posteriormente, como tradutor para o departamento de Agricultura, no que tamén deu clases de castelán para graduados. Sen volver a pisar as terras de Galicia e España, morreu na capital dos Estados Unidos o 15 de outubro de 1987.

AUTOR DE OBRAS DIDÁCTICAS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

É posible, sostén Díaz-Fierros Viqueira (entrada dedicada ao autor no "Álbum da Ciencia" do Consello da Cultura Galega), que na selección dos temas de divulgación científica que incluía a Colección Oro participasen tanto Dieste como Otero Espasandín, pois aquel era un editor moi esixente que traballaba cos autores no relativo ao esquema, índice de contidos, extensión e tempo previsto para a súa publicación. En calquera caso pódese ollar desde o primeiro momento a procura dun equilibrio entre temas relacionados coas ciencias da terra (*Maravillas de las regiones polares, El cortejo solar, un paseo por el cielo...*) e as ciencias da vida (*Pobladores del mar, Prodigios de las aves, Los seres microscópicos...*), algo que era relativamente normal nas coleccións populares que comezaron a editarse desde as primeiras décadas do século XX. Posteriormente, a partir de 1945, introduciu o coñecemento da materia (*Los átomos...*) e, sobre todo, o avance científico e as súas consecuencias, positivas e negativas, sobre as sociedades humanas (*Riesgo y promesa de la ciencia*). Así como os dous primeiros grupos, correspondentes ás ciencias da terra e da vida, semellan responder a unha premeditada planificación editorial, o último grupo puido ser o reflexo da preocupación mundial en relación coas aplicacións da ciencia que comezou a espallarse nos últimos anos da Segunda Guerra Mundial e, sobre todo, a partir do lanzamento das bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki: «Las consecuencias inmediatas del descubrimiento de la bomba atómica no han podido ser más funestas para la paz y la reconciliación de los pueblos», escribiu Otero Espasandín (*Riesgo y promesa de la ciencia*, 1946). A cambio, a colección de textos



sobre as aves que aparecerá no *Correo Literario* si que semellan responder a un interese pola natureza moi especial e particular do autor.

Os libros e artigos de divulgación de Otero Espasandín, ademais de amenos e ben documentados, amosan un excelente dominio do idioma que se traduce en textos que acadan unha expresividade e calidade literaria notables. Por outra parte, o dominio que el tiña do mundo clásico e da cultura en xeral reflíctese no contexto histórico dos seus escritos, sempre presente e acaído. ■

BIBLIOGRAFÍA DE OTERO ESPASANDÍN

Na Editorial Atlántida de Buenos Aires (en varios casos con dúas edicións), Otero Espasandín deixou os seguintes títulos relacionados coas ciencias naturais:

- *Maravillas de las regiones polares* (1941)
- *Pobladores del mar* (1941)
- *Prodigios de las aves* (1942)
- *Los seres microscópicos* (1942)
- *Gigantes marinos* (1942)
- *El cortejo solar* (1942)
- *Un paseo por el cielo* (1943)
- *Sociedades de insectos* (1943)
- *Prodigios de las plantas* (1943)
- *Nuestro planeta* (1943)
- *La Antártida, como mito y como realidad* (1943)
- *Los átomos, desde los griegos hasta la actualidad* (1945)
- *Animales viajeros* (1945)
- *El mundo de los reptiles* (1945)
- *Los grandes ríos* (1950).

Co pseudónimo de Roger Moulin:

- *La atmósfera inquieta* (1946)
- *Volcanes y terremotos* (1946)

Co pseudónimo de Norman Beachdale:

- *Riesgos y promesa de la ciencia* (1946)

Temas literarios, históricos e de arte (Editorial Atlántida de non referir outra):

- *La civilización del Nilo* (1941)
- *Narraciones mitológicas* (1943)
- *La Grecia clásica. Grecia heroica y clásica* (1943)
- *Roma. La República* (1943)
- *Roma. El Imperio* (1943)
- *El deporte griego* (1944); Buenos Aires: Labor.
- *La civilización mesopotámica* (1945)
- *Historia de la educación* (1948)
- *Cuentos que me contó Dieste* (1984). Sada: Edición do castro.

Traducións:

- Whipple, F. L. (1944): *Tierra, Luna y planetas*. Buenos Aires: Ed. Pleamar.

- Smart, W.M. (1944): *La astronomía al día*. Buenos Aires: Ed. Abril.
- Allcott, A y Bolton, H.S. (1945): *La química al día*. Buenos Aires. Nova
- Nettleship, R.L. (1945): *La educación del hombre según Platón*. Buenos Aires: Ed. Atlántida
- Laski, H. J. (1946): *Reflexiones sobre la revolución de nuestro tiempo*. Buenos Aires: Ed. Abril.

Bibliografía sobre Otero Espasandín (con ordenación cronolóxica):

- Rei Nuñez, L. (1986). *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*. O Castro-Sada: Edición do Castro.
- Varela, M. (1994). *Los hombres ilustres de Billiken. Héroeos en los medios y en la escuela*. Buenos Aires: Colihue.
- Pelegrín, A. (2000). "José Otero Espasandín en el exilio del 39, literatura juvenil, libros documentales". *Puerta a la Lectura* (Universidad de Extremadura), 3, pp. 134-140.
- Otero Varela, I. (2001). "Otero Espasandín en El Correo Literario de Bos Aires". *Actas do Congreso Internacional "O exilio galego"* (Do 24 ao 29 de setembro de 2001). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 948-969.
- Porto Ucha, A. S. (2003). *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas: Alén Miño, pp. 196-198.
- Pereira, D. (2004). *Xosé Otero Espasandín. Vida e pensamento dun cerdedense desterrado*. Terra de Montes: Verbo Xido.
- Ferreiro Fente, X. G. (2006). "Xosé Otero Espasandín": *Literatura e exilio*", en Cuquejo Enríquez, M. (2006): *Xosé Otero Espasandín. Obra galega*. Santiago: C. Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia, pp. 28-41
- Pelegrín, A. (2008). "Una aproximación a los libros infantiles en el exilio español (1939-1977)". En: Pelegrin, A., Sotomayor, A.V. y Urdiales, A. *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*. Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- Otero Varela, I. (2008): "Una aproximación a los libros infantiles en el exilio español (1939-1977)", en A. Pelegrin, M. V. Sotomayor y A. Urdiales (eds.), *Pequeña Memoria Recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*, Madrid: Secretaría Técnica. Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- Díaz-Fierros Viqueira, F. (2017): "José Otero Espasandín (1900-1987). Un divulgador científico español en la Argentina", *Arbor*, vol 193. Contén as referencias da bibliografía científica completa de Otero Espasandín.